



A Coruña, 20 de outubro de 2.022.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA N°1 TEMP 2022-23

Equipos participantes: CW Coruña Rías Altas - CN Oviedo.

Competición: Liga Galega Waterpolo División de Honra Masculina.

Data de celebración: 09/10/2022.

FEITOS

- O día 11 de outubro foi remitido pola Secretaria da FEGAN ao Xuíz Unico acta do encontro e informe adxunto asinado polos árbitros do encontro. No citado informe se recolle:

"Finalmente, no minuto 02:35 do segundo período amósaselle tarxeta amarela ao adestrador visitante D. P. Hurle Mosqueira (número de licenza 1003200) por reiteradas protestas ás decisións arbitrais; sendo xa advertido verbalmente por esta mesma conduta no período anterior. "..

- O día 13 de outubro deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como infracción leve (art. 7. I.1.a).

RESOLVE

- Sancionar a D. P. Hurle Mosqueira con número de licenza 1003200 adestrador do C. N. Oviedo absoluta masculina con amonestación nesta categoría(art. 9.III.a).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN